

AS CRUCES DE PEDRA NA GALIZA: **O CUMIO DO CASTELAO INVESTIGADOR NO EXILIO**

AS CRUCES DE PEDRA NA GALIZA: THE ZENITH OF CASTELAO AS RESEARCHER IN EXILE

M.^a de los Ángeles Tilve Jar

Museo de Pontevedra

ORCID: 0009-0008-5882-0948

Resumo: *As cruces de pedra na Galiza* (1950) representa a síntese do labor investigador de Alfonso Daniel Rodríguez Castelao sobre os cruceiros galegos e constitúe unha achega clave ao estudo do patrimonio de Galicia. Iniciado en 1924 no Seminario de Estudos Galegos e concluído en 1946 no exilio en Buenos Aires, o proxecto combina traballo de campo, análise tipolóxica e extensa documentación gráfica, incluíndo a comparación con cruces doutros contextos europeos. Cun enfoque pioneiro, a obra vai máis aló da catalogación, integrando dimensións históricas, artísticas e simbólicas, e interpretando os cruceiros como expresión da identidade colectiva galega. Aínda que algunhas hipóteses foron posteriormente superadas, o seu legado marcou un punto de inflexión na visibilización e valorización destes elementos patrimoniais, consolidándose como referencia imprescindible na investigación cultural galega.

Abstract: *As cruces de pedra na Galiza* [*Calvaries in Galicia*] (1950) represents the culmination of Alfonso Daniel Rodríguez Castelao's research on Galician calvaries and constitutes a key contribution to the study of Galicia's heritage. Initiated in 1924 at the Seminario de Estudos Galegos [Centre for Galician Studies] and completed in 1946 during his exile in Buenos Aires, the project combines fieldwork, typological analysis, and extensive graphic documentation, including comparisons with calvaries from other European contexts. With its pioneering approach, the work goes beyond simple cataloguing by integrating historical, artistic, and symbolic dimensions, in order to interpret these wayside crosses as

expressions of Galician collective identity. Although some hypotheses have since been revised, its legacy marked a turning point in the recognition and appreciation of these previously overlooked aspects of heritage elements; it is now established as an essential source of reference in Galician cultural research.

Palabras chave: Castelao, cruceiros, patrimonio cultural, arte popular, identidade galega.

Key words: Castelao, calvaries, cultural heritage, popular art, Galician identity.


INTRODUCCIÓN

O exilio de Castelao en Buenos Aires constitúe unha das etapas máis relevantes da súa produción intelectual e do seu compromiso político. Durante aproximadamente unha década, alí converteuse en figura central do nacionalismo galego, mantendo unha intensa actividade creativa e de investigación, apoiado por destacados membros do galeguismo no exilio como Rodolfo Prada, Xosé Núñez Búa e Manuel Puente (Villares 2024; Núñez Seixas 2016).

Neste período puido culminar proxectos concibidos con anterioridade á guerra civil, que adquiriron na capital arxentina a súa configuración definitiva, como a estrea, en agosto de 1941 no Teatro Mayo, de *Os vellos non deben de namorarse*, resultado dos seus intentos por crear en Galicia un Teatro de Arte Galega, un proxecto que comezara en 1921 coa finalidade de artellar unha dramaturxia popular e artística ao servizo de Galicia (Vieites 2000; Tilve e Castaño 2017). Do mesmo xeito, publicou o ensaio *Co pensamento en Galiza*, dedicado a Alexandre Bóveda, que sería editado polo Centro Ourenmán de Buenos Aires en 1944 baixo o título definitivo de *Sempre en Galiza*.

Foi tamén na capital arxentina onde Castelao concluíu *As cruces de pedra na Galiza*, o seu monumental estudo de investigación e análise sistemática sobre os cruceiros galegos.¹ Iniciado en 1924, o estudo afonda na orixe e nas tipoloxías das cruces, desde a arte rupestre ata os cruceiros cristiáns, acompañando a Castelao durante máis de dúas décadas: primeiro en Galicia e, logo, no seu exilio americano, inicialmente nos Estados Unidos e posteriormente na Arxentina. Tras anos de labor constante, a redacción definitiva

¹ Este pioneiro estudo foi analizado por diversos autores; véxase especialmente Valle Pérez (1986, 1989, 1999, 2000b, 2020 e 2022).



Orixinal da cuberta d'As cruces de pedra na Galiza. Doazón da familia de Álvaro Gil Varela. Museo de Pontevedra. Nº rex. 012440

rematou en 1946, aínda que a obra non se publicaría ata seis meses despois da súa morte, o 28 de xuño de 1950, coincidindo co décimo cuarto aniversario do Estatuto de Galicia (Castelao 1950).

Na colección do Museo de Pontevedra consérvase, grazas á doazón efectuada en decembro de 1991 pola familia de Álvaro Gil Varela, un valioso conxunto de materiais que documenta todo o proceso creativo da obra: notas, fichas autógrafas e correspondencia, un manuscrito incompleto da primeira versión, o texto mecanografado coas correccións do autor, bosqueños e debuxos previos así como todos os debuxos orixinais e fotografías da publicación.² Estes materiais amosan o rigor metodolóxico e a dedicación de Castelao, e converten este proxecto nunha referencia fundamental do patrimonio galego.

O libro, publicado pola Editorial Nós en Buenos Aires, amosaba no lombo e na portada o logo e a referencia ao Seminario de Estudos Galegos, evidenciando a gratitude do artista e a estreita relación da obra co organismo que inspirou a súa investigación sobre os cruceiros, ao tempo que proporcionou unha comunidade de intelectuais que amparou o seu rigor metodolóxico (Fraguas 1986; Filgueira 1987).

2 O excepcional conxunto de materiais foi inscrito no Libro de rexistro xeral de obxectos o 17 de decembro de 1991, asignándosele os números do 012446 ao 012440.

1. A XÉNESE DO PROXECTO.

CASTELAO NO SEMINARIO DE ESTUDOS GALEGOS

O Seminario de Estudos Galegos (SEG) nacera o 12 de outubro de 1923 en Ortoño (Ames) coa intención de investigar, dignificar e divulgar a cultura galega. Inspirado na Institución Libre de Enseñanza e na súa herdeira, a Junta para Ampliación de Estudios e Investigaciones Científicas, o SEG seguía tamén o camiño iniciado pola Xuntanza de Estudos e Investigacións Históricas e Arqueolóxicas de Pontevedra, promovida en 1922 por Antón Losada Diéguez, na que Castelao colaborara como debuxante.

Nunha das primeiras xeiras deste grupo pontevedrés visitouse o Chan das Cruces, en Ponte Sampaio, onde Castelao realizou diversos debuxos das tres grandes laxas graníticas con gravados rupestres cruciformes,³ posiblemente medievais, que se conservaron no lugar ata mediados do século xx. Tamén debuxou a cruz do Forniño,⁴ un histórico cruceiro sen figuración, situado nun penedo natural e relacionado co culto ofilátrico autóctono, gravado con petróglifos antropomorfos e varios cruciformes que despois integraría n' *As cruces de pedra na Galiza*. Sobre a orixe destes signos, Castelao reflexionou no libro:

¿Será, pois, desatentado pensar que algunhas laxas —como outros moimentos precristiáns— foron cristianizadas ao evanxeizarse totalmente o noso país, no final do século iv, ou coincidindo cos decretos prohibitivos do culto das pedras? (Castelao 1950, p. 20)

Co precedente da Xuntanza e co mesmo interese por consolidar un discurso identitario nacionalista, naceu o Seminario de Estudos Galegos, que axiña se converteu nun centro de integración da intelectualidade galeguista e da erudición galega. Entre 1923 e 1936, os membros do Seminario levaron a cabo un inxente labor de investigación científica e divulgación do patrimonio e da cultura galega, función que a universidade galega daquela época, con programas académicos alleos á historia e á cultura galegas, non cumpría. Neste contexto, o SEG constitúe unha resposta á necesidade de estudar Galicia desde Galicia, aplicando metodoloxías modernas e rigor

3 Son tres debuxos a pluma que se conservan no Museo de Pontevedra (Nº rex. 001738-CAST-1; CAST-2 e CAST-3). Inspirándose nos signos cruciformes dunda destas laxas, Castelao deseña un posible logo para a Xuntanza de Estudos e Investigacións Históricas e Arqueolóxicas, co que encabeza unha carta enviada do grupo a Francisco Javier Sánchez Cantón (1922). Arquivo do Museo de Pontevedra, Sánchez Cantón, 148-28.

4 Museo de Pontevedra. Nº rex. 001738-CAST-4.

académico, seguindo modelos europeos, e desenvolvendo un intenso traballo en arqueoloxía, etnografía, historia e pensamento galego (Monteagudo e Villares 2024).

Poucos días despois da constitución formal do SEG, no transcurso da súa segunda sesión de traballo celebrada o 3 de novembro de 1923, Castelao, xunto con Vicente Risco e Antón Losada Diéguez, sería proposto e admitido como socio de número. O seu ingreso oficial tería lugar o 4 de maio de 1924, data na que se celebrou o primeiro acto público do Seminario, no que Castelao —presentado por Armando Cotarelo Valledor— pronunciou o seu discurso titulado *O novo espírito da arte*, un texto fundamental para comprender o seu pensamento estético no que defende unha arte social, que reflecta o novo espírito da modernidade, pero sen renunciar ás raíces populares e nacionais galegas.

Tratouse dun acto solemne, ao que asistiu o arcebispo Lago González. No remate da sesión, os asistentes visitaron a exposición do *Álbum Nós*, inaugurada ese mesmo día co patrocinio do Seminario. No marco desta mostra, nos días seguintes, outras figuras destacadas do galeguismo militante —como Salvador Cabeza de León, Manuel Lugrís e Ángel del Castillo— leron os seus discursos de ingreso, mentres que na clausura interveu Antón Losada Diéguez. Esta sería a derradeira vez que, en vida do artista, se expuxeron ante o público os orixinais dos debuxos do *Álbum Nós*, que finalmente sería publicado en 1931 (Tilve e Castaño 2017, pp. 253-254).

Pouco despois do seu ingreso, Castelao será encargado de crear a imaxe gráfica do SEG.⁵ Ademais será nomeado coordinador da Sección de Artes e Letras. Desde entón, e ata 1936, a súa presenza será constante en todas as iniciativas do mesmo. Asiste asiduamente ás súas asembleas e traballa na ilustración dos libros e en todos os proxectos editoriais da institución.

NasesiónextraordinariadoSeminario,celebradano pazodeSanClemente de Santiago de Compostela o 16 de maio de 1925, Castelao realizou a lectura pública da súa obra *Cousas. Colleita de contos*. Nesa ocasión presentou tamén unha serie de debuxos que ilustraban diversos relatos, que apareceran publicados na prensa desde 1919, e que en 1926 serían incorporados no primeiro libro de *Cousas*, editado polo SEG (Tilve e Castaño 2017, pp. 403, 408-409, 591).

5 Como imaxe corporativa da institución, Castelao realizou un deseño en formato de tondo cun motivo central simbólico: o Graal coroado por unha pomba con ás espalladas e cinco estrelas. Ao seu redor, en dous aneis concéntricos e cunha tipografía de estilo medieval, situou a inscrición SEMINARIO DE ESTUDOS GALEGOS COMPOSTELA e DEUS SCIENTIA GRATRESQUE GALLÆTIÆ. No anel exterior, a palabra *Compostela* flanqueábase con cunchas de vieira, outro símbolo representativo da identidade galega.



Lámina nº 19 do *Álbum Nós*, 1916-1918
Museo de Pontevedra.
Nº rex. 018623-20

A publicación comezaba co limiar titulado “A carón da natureza”, no que se reproduce parte da súa conferencia *Arte e galeguismo*, e incluía unha selección de dezanove relatos ilustrados. Entre eles destaca “Cruceiros”, acompañado do seguinte comentario do autor:

Onde hai un cruceiro houbo sempre un pecado, e cada cruceiro é unha oración de pedra que fixo baixar un perdón do Ceo, polo arrepentimento de quen o pagou e polo gran sentimento de quen o fixo.

¿Tendes reparado nos nosos cruceiros aldeáns? Pois reparade.

A Virxe das Angustias, enclavada no reverso de moitas cruces de pedra, non é a Piedade dos escultores; é a Piedade creada polos canteiros.

Os nosos canteiros, deixándose levar polo sentimento, non podían maxinar un home no colo da nai.

Para os artistas canteiros, Xesucristo sempre é pequeno, sempre é o Neno, porque é o Fillo, e os fillos sempre somos pequenos nos colos das nosas nais.

Reparade nos cruceiros e descubriredes moitos tesouros. (Castelao 1926).

Estas manifestacións xenuínas da arte popular galega interesaron a Castelao desde moi cedo. De feito, os cruceiros xa aparecen de maneira recorrente na súa obra anterior. Así, poden atoparse no tríptico *Cegos*, pintado



Anoitecer (Cruceiro), 1920-1922
Museo de Pontevedra. N.º rex. 000649

para o Balneario de Mondariz en 1915; nas láminas n.º 4 e n.º 19 do *Álbum Nós*; no deseño para *Soño dun frade limosneiro*, incluído no *Diario* de 1921; en óleos como *O cruceiro da carballeira* e *A casa do cruceiro* (ca. 1921-1922); en estampas, como *Anoitecer (Cruceiro)* (1920-1922) ou na ilustración do relato *A aldea esquecida*, publicado en *Galicia* en 1924 e tamén no primeiro libro de *Cousas*.

Nestas obras, os cruceiros preséntanse como parte esencial da paisaxe galega, en tanto que elementos profundamente enraizados na tradición cultural que, co seu primitivismo rural, se revelan como exemplos idóneos para expresar a identidade e o ideal nacionalista galego defendido pola xeración Nós. Este ideal, que Castelao formula de maneira explícita no seu discurso de ingreso no SEG en 1924, xa se perfilaba nas súas reflexións de xullo de 1922 nunha carta dirixida a Manuel Antonio, tras a polémica xerada pola publicación do manifesto *¡Máis Alá!* (Ríos 1989). Naquel escrito, Castelao sostén que “un cruceiro feito por un canteiro e logo pintado por un pintor de portas ten máis personalidade que calquera obra dos meirandes escultores”, defendendo así a necesidade de articular unha “nova Arte” que sexa “primaria ou primitiva”, unha arte que atope na tradición popular galega o seu espazo fundamental de aprendizaxe (Castelao 2000, pp. 85-87).

Porén, o seu ingreso no SEG suporá para o artista un salto cualitativo na maneira de achegarse aos cruceiros. A partir de entón, estes elementos deixan de ser percibidos exclusivamente como compoñentes estéticos ou ornamentais da paisaxe galega, pasando a conceptualizalos tamén como

obxectos de investigación e análise crítica. Así o expón o propio autor no limiar d' *As cruces de pedra na Galiza*: “E de súpeto descubrín nos cruceiros un aspecto da nosa arte popular aínda non estimado como cousa importante. E velai o que máis me importou” (Castelao 1950, pp. 7-8).

2. METODOLOXÍA E DOCUMENTACIÓN GRÁFICA

Castelao emprende daquela un estudo exhaustivo e sistemático sobre as cruces e os cruceiros galegos, que vai moito máis aló da simple catalogación. O seu propósito é comprender tipoloxías, analizar formas e interpretar o seu significado en relación coa súa orixe e representación cultural. A investigación estruturouse a través dunha recollida rigorosa de fontes gráficas, documentais e bibliográficas, desenvolvida principalmente entre 1924 e 1936, aínda que a redacción e revisión crítica do ensaio se prolongou, como veremos, ao longo das dúas décadas seguintes.

A través do testemuño directo do autor nunha carta que lle escribe a Filgueira Valverde a finais de novembro de 1925, sabemos que naquela altura o estudo xa estaba iniciado: “Sigo traballando nos cruceiros e xa teño vinte e dous. Se hai tempo penso que a cousa teña interese”.⁶ Posteriormente, noutra datada en febreiro de 1928, confirma que seguía a traballar intensamente neste ámbito, incorporando, ademais, un exame comparativo de cruces análogas localizadas noutras rexións. Esta aproximación metodolóxica evidencia a intención de Castelao por situar os cruceiros galegos nun contexto máis amplo, permitindo unha interpretación comparativa que reforza tanto a rigorosidade científica coma a relevancia cultural do estudo:

Querido Filgueira: Escriboche para que vexas o que hai no Seminario en col dos cruceiros. ¿Tendes papeletas? ¿Sabes en qué números do Boletín da Academia Galega apareceron traballos en col dos cruceiros de Noya? Todo canto se poida saber prégoche que mo digas. Fálalle a Cotarelo. Sen querer metinme n'un sarillo que mete medo. Xa se entende que para estudial-os cruceiros compre estudial-as cruces de canteiría labrada e por ise camiño xa me voa a cabeza. Cheguei a Valencia, estiven en Cataluña e

6 Carta de Castelao a Filgueira Valverde. Pontevedra, 28 de novembro de 1925. Arquivo do Museo de Pontevedra. Filgueira, 312-25.

ainda en Albacete; andiven por Bretaña e agora ando por Gales e Irlanda.
A cousa vaise poñendo preñada.⁷

Efectivamente, Filgueira facilitoulle fichas de catalogación de cruceiros elaboradas no Seminario, algunhas das cales se conservan no arquivo persoal do artista, custodiado actualmente no Museo de Pontevedra. Esta carta revélase particularmente significativa, xa que evidencia como, a través do Seminario, se tecían redes colaborativas entre os seus membros, traballando de forma coordinada para completar os seus proxectos de investigación. Así o recoñece tamén o autor:

Non me fallaron, no entanto, axuda e consello dos compañeiros de Seminario, naquela avinenza de mestres i estudantes galegos que unha lufada de absolutismo sandiamente tronzou e tolleu. (Castelao 1950, p. 8)

A análise da abundante documentación conservada no Museo sobre a elaboración deste estudo permite avaliar tanto a súa complexidade coma a metodoloxía seguida polo autor, así como as peripecias e vicisitudes que estes materiais sufriron ao longo do tempo.

O proceso de catalogación non se limitou á simple recollida de datos, senón que implicou unha sistematización rigorosa, combinando observación directa, recollida fotográfica, rexistro detallado de tipoloxías e comparación con exemplos doutros territorios. Tal enfoque evidencia unha concepción do estudo como proxecto integral, no que a análise histórica, artística e etnográfica se articula de maneira coordinada. A correspondencia conservada reflicte ademais a conciencia do autor sobre a necesidade dun traballo estruturado, anticipándose ás prácticas contemporáneas de investigación.

Aínda que, como veremos, parece que *As cruces de pedra na Galiza* estaba case rematado en 1936, xa que en marzo dese ano a prensa galega anunciaba que o SEG tiña a obra a punto de entrar no prelo, o inicio da guerra civil frustraría esta iniciativa.

Sorprende moito que, entre os materiais incautados na casa pontevedresa de Castelao en 1937, como consecuencia do Expediente de Responsabilidades Políticas incoado contra el, e que chegaron ao Museo de Pontevedra en depósito xudicial preventivo, non se atopase nin o orixinal nin a ampla

7 Carta de Castelao a Filgueira Valverde. Pontevedra, febreiro 1928. Arquivo do Museo de Pontevedra. Filgueira, 312-72.

documentación escrita e gráfica que Castelao recompilara desde 1924 para a súa elaboración (Tilve 2021, pp. 67-107). Esta documentación era, sen dúbida, ben coñecida por Filgueira Valverde, quen, en abril de 1939, lle comunicou discretamente —cunha breve frase en clave— a Francisco Javier Sánchez Cantón na primeira das cartas que lle escribiu ao remate da guerra (Fortes 2018, pp. 215-216).

Certamente, entre os materiais procedentes da incautación só ingresaran corenta e seis debuxos, apuntamentos e bosquexos moi sinxelos relacionados co tema das cruces. A maioría deles a lapis; dous coloreados á augada,⁸ e algúns feitos a pluma, como os que reproducen o peto de ánimas e o cruceiro de Dozón⁹ e *Anxos do Pórtico da Gloria*,¹⁰ versión inicial do deseño que Castelao engadirá como ilustración no encabezamento das “Verbas limiares” na edición do libro. Ademais destes orixinais de Castelao, ingresaron algúns deseños achegados pola súa rede de colaboradores, como os cinco que reproducen os cruceiros ourensáns de Allariz e de Santa Águeda de Seixalbo, asinados por Vicente Risco.¹¹

Tamén no exhaustivo inventario da acta de incautación de 1937 mencionábase un conxunto de 144 fotografías de cruceiros, imaxes que ata hai moi pouco se consideraban perdidas. A súa identificación foi posible grazas ao labor de Cristina Echave, conservadora responsable do Arquivo Gráfico do Museo, quen logrou recoñecelas dispersas no arquivo xeral. Alí as localizou pegadas en antigas fichas de catalogación redactadas por Alfredo García Alén, nas que este material figuraba identificado unicamente coas iniciais “R. C.”, preservando así a identidade do seu propietario. Ao separalas das fichas, moitas delas revelaron no reverso anotacións coa inconfundible letra de Castelao e, nalgunhas, incluso a identidade do autor da imaxe ou o nome da persoa que llas proporcionara.

A análise deste conxunto fotográfico permite constatar que Castelao non visitou persoalmente todos os cruceiros que estudou e que, en numerosas ocasións, recorreu a imaxes de cruces e cruceiros que lle eran remitidas desde as catro provincias galegas, así como desde fóra de Galicia, no marco dunha rede de informantes. Entre eles figura Fermín Bouza Brey, autor das fotografías do cruceiro do Carril e, posiblemente, tamén dunha da fonte

8 Trátase dos rexistros n^o 002579-735 e 002579-741. Este último, que reproduce o cruceiro de Estribela, constitúe unha versión coloreada en augada dun dos deseños que ilustrará a lámina XXVIII na edición do libro en 1950.

9 N^o rex. 012.440-744.

10 Bosquexo en tinta a pluma sobre papel, 21,7 x 13,8 cm (N^o rex. 828-611).

11 N^o rex. 002579-722; 727; 728; 743; 745.



Anxos do Pórtico da Gloria, 1924-1936
Versión da ilustración que encabeza
as “Verbas limiares” d’*As cruces de pedra na Galiza*.
Museo de Pontevedra. Nº rex. 002579-611



Cruceiro de Estribela (Pontevedra), 1924-1936
Museo de Pontevedra. Nº rex. 2579-735



Cruceiro de Vilanova, Allariz (Ourense)
Ca. 1924-1934. Debuxo de Vicente Risco.
Museo de Pontevedra. Nº rex. 002579-722



Detalle do varal do Cruceiro do Carril (Pontevedra). Fotografía de Fermín Bouza Brey, 1924-1936. Museo de Pontevedra. AG 3739.



Cruz da Portela (O Padornelo-Zamora), 1924-1936. Posible menhir cristianizado. Laboratorio fotográfico Sanchón (Vigo). Museo de Pontevedra. AG 11474

de San Pedro de Cea, en Vilagarcía de Arousa. Xunto a estas, consérvanse numerosas imaxes de autoría anónima, como as do cruceiro do cemiterio de Bueu; as do cruceiro de Francos, en Calo (Teo); ou as fotografías da Cruz da Portela, situada no Padornelo (Zamora), procedentes do Laboratorio Fotográfico Sanchón, de Vigo, así como a do cruceiro de San Cibrao das Viñas (Ourense).

Nada máis se soubo do resto dos materiais que Castelao recompilara e elaborara para a súa investigación ata moitos anos despois, xa que esta documentación permanecía en Buenos Aires. Non se atopaba na súa casa de Pontevedra en 1937, e non parece verosímil que Castelao marchase a Madrid en xullo de 1936 —nunha viaxe prevista como breve— levando consigo todo ese material, cando non podía imaxinar que, tras o golpe de Estado do 18 de xullo, xa nunca podería regresar. O propio autor aludiu ás circunstancias e aos avatares sufridos por estes materiais ao longo dos anos en diversas ocasións e tamén nas “Verbas limiares” do seu libro:

Empero, a boa fada que soupo gardarme de todo mal, quixo salvar os meus deseños e unha gran parte das notas: papeis que se fixeron vellos e aburados de tanto andaren por pousadas distintas. (Castelao 1950, p. 9)

Quizais alguén puido facerlle chegar o material a América. A través de reveladoras anotacións manuscritas de Rodolfo Prada, amigo e protector do artista na Arxentina, sabemos que as fichas e apuntes de traballo para *As cruces de pedra* permanecían en Buenos Aires e que, antes de morrer, Castelao llos entregara para que os custodiase ata o día en que puidesen ser enviados a Galicia:

Fichas, apuntes da obra de Castelao “As Cruces de Pedra na Galiza”. Ousequioumas xenerosamente o autor. Recibinas eu en sagro depósito para destinalas o día de mañán ao Museo ou Biblioteca en Galiza no que se adique unha sección á inmorrente glorioso Castelao. Rodolfo Prada. Bs Aires a 8/9/51.¹²

Por outra nota sabemos que, en 1969, tras a morte de Virxinia Pereira, Prada atopou no seu apartamento da rúa Belgrano n° 2.605 algúns documentos soltos da mesma temática. Xuntounos cos anteriores e, ese mesmo ano, entregou todos os materiais a Álvaro Gil Varela, outro dos grandes valedores de Castelao, a quen a viúva xa lle cedera con anterioridade todas as láminas cos debuxos orixinais e fotografías publicadas no libro en 1950:

Papeletas para engadir a carpetiña coas notas e orixinais de Castelao relacionados co seu libro “As Cruces de Pedra na Galiza”, carpetiña que me ousequiou o propio Castelao e que eu lle transferín a Alvaro Xil en Madrid o ano 1969, como complemento das láminas orixinais do devandito libro que lle ousequiara Virxinia.

Istas notas atopeinas entre papeis de Castelao no apartamento que deixou Virxinia en Buenos Aires.


Bs Aires, 1º de outono de 1973

Rodolfo Prada

As envío a Alvaro Xil por conduto de Xosé Núñez Búa.¹³

12 Arquivo documental do Museo de Pontevedra, CF-9.

13 Arquivo documental do Museo de Pontevedra, CF-9.



Folla de traballo para *As cruces de pedra na Galiza*. Doazón da familia de Álvaro Gil Varela. Museo de Pontevedra. N^o rex. 012446-20

Todo este excepcional conxunto documental e gráfico, que en 1991 se incorporou ao Museo de Pontevedra por doazón dos herdeiros de Álvaro Gil, permite coñecer polo miúdo a metodoloxía seguida por Castelao no seu estudo. Trátase de preto de 500 documentos, entre debuxos, fotografías, fichas e anotacións previas á confección da obra definitiva. Destacan especialmente os apuntamentos sobre as diversas tipoloxías e referentes das cruces, así como reflexións sobre a ampla bibliografía consultada. A obra non se limita a analizar os cruceiros galegos propiamente ditos, senón que tamén estuda as antefixas e calvarios, as pedras cristianizadas consideradas máxicas, as cruces en camiños e encrucilladas, as cruces de pedra sobre portas de casas e hórreos, e os petos de ánimas.

Castelao investiga a posible orixe das cruces na máis remota antigüidade, facendo referencia aos traballos sobre as insculturas rupestres de Ramón Sobrino Buhigas¹⁴ analizando a gran cantidade de signos cruciformes que, interpretados como estilizacións da figura humana cos brazos abertos, aparecen abundantemente localizados nos petróglifos galegos.

14 Museo de Pontevedra, n^o rex. 012446-42.

Tamén estuda a iconografía precristiá e gnóstica, os menhires e figuras exipcias, como a de Isis, buscando establecer relacións simbólicas entre Galicia e culturas afastadas. Neste sentido, sinala:

Na arte anexa de moitas culturas antigas aparecen os cornos como emblemas de poderío, realeza e divinidad, xunguidos a emblemas heliolátricos. Ollando aos deuses exipcios con longos cornos que apreixan o disco solar, pensamos en moitas cruces antefixas galegas, onde o año cornudo sostén a roda crucífera. E, salvando os doados erros da nosa maxinación, damos na Figura 31 un novo enlace sensíbel antre os signos místicos da Galiza e do lonxano Exipto. (Castelao 1950, p. 64)

Neste contexto, os apuntamentos dunha cabeza de Isis, dunha figura gnóstica, dunha cruz antefixa sobre cranio de carneiro e dun dos petróglifos da Pedra da Boullosa en Fragas (O Campo Lameiro) serven para ilustrar as súas consideracións sobre a orixe do *Agnus Dei* (Castelao 1950, p. 64, fig. 31). Ademais, nunha estatuíña de bronce coa representación de Isis aleitando Horus, conservada no Museo do Louvre, Castelao identifica similitudes iconográficas coas representacións da Piedade ou da Quinta Angustia que frecuentemente aparecen no reverso dos cruceiros galegos.¹⁵ Igualmente, estuda a posible orixe dos cruceiros a partir das estelas discoides galaico-romanas, entre elas a de Ouzande, unha peza antropomorfa que el mesmo descubriu casualmente en 1928 nesta parroquia estradense e que, pouco despois, sería entregada á Sociedade Arqueolóxica de Pontevedra.¹⁶

Entre a documentación chegada desde Buenos Aires atopamos tamén numerosas fotografías, así como copias e calcos realizados polo artista a partir de imaxes reproducidas na ampla bibliografía consultada, que recollen exemplos de iconografía antiga e medieval. Deste xeito, Castelao non só documenta a morfoloxía dos cruceiros, senón que tamén reflexiona sobre o seu contexto cultural, artístico e espiritual, amosando como Galicia se insire nunha tradición máis ampla. Entre estas pezas destaca, por exemplo, unha fotografía dos signos apotropaicos cruciformes gravados na antiga porta de madeira da ermida de Santa Tegra (A Guarda),¹⁷ siglas poveiras similares ás

15 Museo de Pontevedra, n.º rex. 012446-47.

16 Rudimentaria estela atopada por Castelao en 1928, hoxe conservada no Museo de Pontevedra (N.º rex. 002009), que inspirou apuntamentos sobre o lugar do achado (N.º rex. 002570-787; 002570-951) e unha das súas *Cousas da vida* (Tilve e Castaño 2017, pp. 381-385).

17 Museo de Pontevedra, n.º rex. 12446-57. A fotografía reproduce a antiga porta de madeira, hoxe desaparecida, da ermida de Santa Tegra. Na actualidade, estes antigos signos consérvanse reproducidos



Signos apotropaicos na porta da capela de Santa Tegra (A Guarda-Pontevedra). Fotografía anónima. Ca. 1932-1936
Doazón da familia de Álvaro Gil Varela
Museo de Pontevedra. N^o rex. 012446-57

estudadas por Antonio de Santos Graça en *O Poveiro: Usos, Costumes, Tradições, Lendas* (1932), obra fundamental da etnografía portuguesa que retrata a vida, a cultura e a singularidade dos pescadores da Póvoa de Varzim.¹⁸

A documentación inclúe tamén copias de debuxos, como o dun monograma bizantino localizado en Rávena (Italia),¹⁹ así como calcos, como o da *Danish runic stone cross*, unha antiga cruz de pedra danesa na que se representa un labirinto.²⁰ Ademais, figuran debuxos de cruceiros doutras rexións españolas, como os de Roncesvales,²¹ a Cruz de Termo de Albacete²² ou

nunha pedra que lembra a súa función de protección máxico-relixiosa. Estes signos eran gravados polos mariñeiros de Póvoa de Varzim (Portugal) na porta como testemuño da súa visita a este templo, obxecto da súa especial devoción.

18 A tradición dos signos apotropaicos na Póvoa de Varzim está estreitamente ligada á cultura mariñeira e maniféstase principalmente nas siglas poveiras, marcas usadas polos pescadores para identificar a propiedade de barcos e ferramentas, que tamén cumprían unha función máxico-relixiosa. Combinando tradición, identidade familiar e protección, estas siglas gravábanse en lugares sagrados da Póvoa, como a igrexa matriz, a igrexa da Lapa e a capela da Santa Cruz.

19 Museo de Pontevedra, n^o rex. 12446-41. Copia dunha ilustración incluída na páxina 55 do libro *Medieval Art*, de W. R. Lethaby (Londres, 1904).

20 Museo de Pontevedra, n^o rex. 012446-29. Calco da figura 128, páxina 151, de *Mazes and Labyrinths* de W.H. Matthews (Londres, 1922).

21 Museo de Pontevedra, n^o rex. 012446-34.

22 Museo de Pontevedra, n^o rex. 012446-17. Debuxo copiado de *La Cruz de término del Museo de Albacete*, de Joaquín Sánchez Jiménez (Publicaciones de la Comisión de Monumentos de Albacete, 1927).



Calvario de Beade (Ourense)

Fotografía enviada a Castelao por José Chao en agosto de 1934. Doazón da familia de Álvaro Gil Varela.

Museo de Pontevedra. N^o rex. 012446-57

a Cruz do rei D. Sancho de Zamora;²³ así como cruces portuguesas como as de Roriz (Santo Tirso),²⁴ o Cruzeiro do Senhor do Galo de Barcelinhos (Barcelos), relacionado coa peregrinación a Compostela,²⁵ ou a de San João do Campo, no Campo do Gerês, nas Terras do Bouro.²⁶

No que respecta aos cruceiros galegos, sábese que o seu curmán, Manuel Rodríguez Castelao, lle enviou algúns debuxos, actualmente desaparecidos, dos cruceiros de Rianxo. Consérvanse, en cambio, dous calcos do cruceiro do Home Santo, situado na praza da Porta do Camiño de Santiago de Compostela, que Castelao realizou a partir de debuxos publicados por Enrique Mayer en 1888.²⁷

O conxunto documental achega tamén numerosas fotografías, fundamentais para elaborar tanto os debuxos preliminares coma as láminas definitivas da publicación. Entre elas, imaxes como a do cruceiro de Loureiro en

23 Museo de Pontevedra, n^o rex. 012446-36. Debuxo que acompaña unha nota bibliográfica tomada do *Catálogo monumental de España. Provincia de Zamora*, de Manuel Gómez Moreno (1927).

24 Museo de Pontevedra, n^o rex. 012446-44.

25 Museo de Pontevedra, n^o rex. 012446-35. Copia dunha ilustración de *O Minho Pittoresco*, de José Augusto Vieira (Lisboa 1886-1887, tomo II, p. 140).

26 Museo de Pontevedra, n^o rex. 012446-37. Calco de una ilustración de *O Minho Pittoresco*, de José Augusto Vieira (Lisboa 1886-1887, tomo I, p. 477).

27 Estes calcos, n^o rex. 012446-15 e 012446-16, reproducen as ilustracións realizadas por Enrique Mayer para o artigo de Bernardo Barreiro, “La Cruz del Home-Santo”, publicado en 1888 na revista *Galicia Diplomática*.



Cruz do cemiterio do mosteiro de Clonmacnoise (Irlanda). Fotografía enviada a Castelao por Plácido Castro, ca. 1930. Doazón da familia de Álvaro Gil Varela. Museo de Pontevedra. N^o rex. 012446-51

Cotobade, que ilustra unha nota do autor sobre a representación do perdón de Cristo na cruz,²⁸ e as de cruceiros singulares baixo baldaquinos, como o da Santísima Trindade de Baiona²⁹ ou o do Cristo do Humilladoiro, do cemiterio de Santa María a Nova, en Noia (A Coruña).³⁰

Destaca tamén unha fotografía do calvario de Beade (Ourense), enviada a Castelao o 31 de agosto de 1934 por José Chao, empresario e fotógrafo de Ribadavia, seguindo as indicacións de Álvaro de las Casas, membro do Seminario de Estudos Galegos e fundador da revista *Ultréia*.³¹

Entre o material recollido atópase igualmente un conxunto significativo de fotografías e tarxetas postais de cruces das Illas Británicas, entre as que destacan as da Cruz de Gai, procedente de Glamorgan e conservada no Museo Nacional de Gales;³² a Cruz de Lancaster, datada no s. VIII e custodiada no British Museum;³³ así como a emblemática Cruz Alta de Muiredach, un monumental monólito do século IX con escenas bíblicas gravadas, situado no cemiterio de Monasterboice, no condado de Louth (Irlanda).³⁴

28 Museo de Pontevedra. N^o rex. 012446-50.

29 Museo de Pontevedra. N^o rex. 012446-55.

30 Museo de Pontevedra. N^o rex. 012446-56.

31 Museo de Pontevedra. N^o rex. 012446-54.

32 Museo de Pontevedra. N^o rex. 012446-52.

33 Museo de Pontevedra. N^o rex. 012446-53.

34 Museo de Pontevedra. N^o rex. 012446

Algunhas destas imaxes, como a da cruz do cemiterio do mosteiro irlandés de Clonmacnoise, foron remitidas a Castelao polo destacado galeguista Plácido Castro del Río, quen residiu no Reino Unido ata 1930.³⁵

Así mesmo, consérvanse calcos e copias de deseños de cruces medievais do reino anglosaxón de Northumbria, no norte de Inglaterra e sueste de Escocia,³⁶ así como debuxos de Viollet-le-Duc relativos a cruces medievais francesas localizadas na catedral de Notre-Dame de París, na catedral de Beauvais, nas igrexas de Montmille, Ébreuil, Coutarnoux e Saint-Thomas, ou na colexiata de Notre-Dame de Melun.³⁷

Este corpus documental resultou de grande utilidade para Castelao no estudo comparativo das tipoloxías destas rexións coas galegas. Neste interese por establecer paralelismos entre as cruces galegas e as doutros territorios, particularmente das rexións do ámbito celta, cómpre situar tamén a orixe da viaxe que realizou en 1929 a Bretaña, como beneficiario dunha bolsa da Junta para Ampliación de Estudios e Investigaciones Científicas (JAE), a segunda que lle concedeu a institución, despois da que en 1921 lle permitira realizar estudos en París, Bélxica e Alemaña.

3. AS CRUCES DE PEDRA NA BRETAÑA: A INVESTIGACIÓN COMPARATIVA DE CASTELAO

A viaxe de Castelao a Bretaña en 1929 constitúe un fito fundamental no desenvolvemento do seu proxecto intelectual arredor das cruces de pedra, concibido desde unha perspectiva comparatista e atlántica (Novo 2010). No limiar d' *As cruces de pedra na Bretaña*, o propio autor explica que levaba anos recompilando materiais para un estudo sobre os cruceiros galegos e a súa intención de facer unha análise comparada con outros dos chamados “Fisterres europeos”: “Dende fai bastantes anos veño recollendo materiais para un próisimo libro en col dos cruceiros galegos, cavilando sempre nun lonxano estudo comparativo das cruces de pedra dos Fisterres”, e conclúe: “non se podería falar dos nosos cruceiros sen ter visitado primeiramente a Bretaña” (Castelao 1930, p. 7).

35 Museo de Pontevedra. N° rex. 012446-51.

36 Museo de Pontevedra. N° rex. 012446-31,32 e 33. Calcos das fig. 12 (p. 6), fig. 36 (p. 20), fig. 37 (p. 20), fig. 51 (p. 40), fig. 52 (p. 41), fig. 79 (p. 62) e fig. 97 (p. 79), incluídas no libro *Northumbrian crosses of the pre-Norman age*, de W. D. Collingwood (1927).

37 Museo de Pontevedra. N° rex. 012446-39. Nesta lámina Castelao copia as ilustracións de Viollet-le-Duc na entrada *croix* no *Dictionnaire raisonné de l'architecture française du XIe au XVIe siècle*, tomo 4 (1854-1868).

Ademais, parece que foi Valentín Paz-Andrade, tras a súa propia viaxe a Bretaña en 1927, quen advertiu a Castelao da abundante presenza de cruceiros na rexión, incitando o artista a incorporar esta visita como parte fundamental do seu estudo (Novo 2010, p. 6). Deste xeito, a viaxe adquire unha función científica esencial, garantindo o rigor e a validez do traballo comparativo.

A este interese científico súmanse factores biográficos e vitais determinantes. A viaxe a Bretaña sitúase nun contexto persoal marcado pola adversidade. O ano 1928 foi especialmente doloroso para Castelao: o 3 de xaneiro falece o seu único fillo, Alfonso, e ao mesmo tempo agrávoase a enfermidade ocular que sufría. Estes acontecementos provocaron unha profunda crise emocional tanto no propio Castelao coma en Virxinia Pereira, amplamente testemuñada no epistolario dese ano (Castelao 2000). Deste xeito, a viaxe a Bretaña adquire un carácter múltiple: constitúe un proxecto intelectual, un compromiso cultural e, á vez, un afastamento terapéutico dos lugares da dor.

Neste contexto, o seu amigo Antón Losada Diéguez ánimoa a que solicite unha nova bolsa da JAE, xa que acababan de ser convocadas.³⁸ O 4 de febreiro, nunha carta dirixida a Juan López Suárez, Castelao expresa con claridade tanto a urxencia persoal da viaxe como o seu fundamento científico, destacando o enfoque comparativo que desexa darlle á súa investigación:

Mi entrañable Losada tiene razón, yo debo salir de aquí con mi mujer. Y puesto que usted esta dispuesto a protegerme ahí va mi proyecto, por si usted lo encuentra aceptable. Le ruego que me diga con absoluta franqueza lo que le parece, indicándome otro mejor, si a V. se le ocurre, pues en estos momentos yo no sé si discurro bien.

Hace ya varios años que vengo dedicado a la tarea de dibujar cruceiros, y cuento ya con una buena cantidad de dibujos (Sánchez Cantón conoce mis trabajos y mis proyectos). Estos dibujos los hacía yo con la intención de ir estudiando de modo minucioso los cruceiros, que yo considero como la manifestación más interesante. Al dibujarlos iban surgiendo ideas que yo anotaba. Mi intención, claro está, no es la de los arqueólogos sino la de un artista que intenta llamar la atención de todos hacia la obra de nuestros canteros. No veo el fin de mi trabajo, porque no hay manera posible de conocer todos los cruceiros que hay en Galicia, pero creo poder

38 *La Gaceta de Madrid*, 22 de xaneiro de 1928.

llegar a conocer todos los de esta comarca y los más importantes de la región. Después de mi trabajo ya saldrían otros. Al mismo tiempo que hago dibujos del natural voy recogiendo noticias, fotografías, fechas, nombres de canteros, etc., pero siendo ya dueño de elementos preciosos no sé todavía como debe hacerse un trabajo de esta clase. En Bretaña hay multitud de cruceros, según tengo entendido, y a juzgar por las fotografías que conozco de las “Croix ornées” y de los “Calvaires” existe una chocante semejanza entre los cruceros de ambos países, que tiene poco que ver a mi juicio con las “Cruces de término” que han venido a mis manos por un pequeño libro acerca de los “calvaires” que me hace suponer que es cosa ya bastante estudiada en Bretaña. Pues bien, ¿le parece a V. que yo debo solicitar una pensión de tres o cuatro meses para ir allá a conocer los “calvaires” y ver lo que han hecho los bretones? Yo tengo un interés enorme en ir a Bretaña, y en ir pensionado sólo lo tengo por la razón de que yo no dispongo de dinero para hacer un viaje por mi cuenta. (Castelao 2000, pp. 107-108)

Coa resposta favorable de López Suárez, o 19 de febreiro de 1928 Castelao solicita formalmente a pensión destinada ao estudo das cruces e calvarios de Bretaña. Na súa solicitude indica que o disfrute da mesma debería facerse durante catro meses, preferiblemente nos meses de primavera ou verán, cando hai máis luz e menos chuvia, dado que o traballo se levaría a cabo ao aire libre.³⁹ Días despois envíalle ao seu amigo Francisco Javier Sánchez Cantón un paquete con oitenta e tres debuxos de cruceiros galegos para que os presentase como respaldo da súa solicitude (Castelao 2000, pp. 111, 130).

No marco da actividade da Junta para Ampliación de Estudios (JAE), a Comisión de Estudos en Galicia desempeñou un papel relevante na promoción exterior de figuras centrais da cultura galega.⁴⁰ A solicitude de Castelao, elevada por este órgano,⁴¹ foi finalmente aceptada polo Ministerio de

39 Solicitude dirixida ao presidente da Junta para Ampliación de Estudios e Investigaciones Científicas. Pontevedra, 19 de febreiro de 1928. Expediente JAE 124-209, Arquivo JAE. Residencia de Estudiantes. Dispoñible en <http://archivojae2.edaddeplata.org/ficha/personas/0685/expedientes/JAE-124-209>

40 A Comisión de Estudos en Galicia tiña como función principal propoñer e xestionar bolsas de investigación no estranxeiro para investigadores e artistas galegos, promovendo así a internacionalización da cultura galega. Integraban a comisión Ignacio Bolívar, José Casares Gil, Fernando Álvarez de Sotomayor, Pilar García Arenal, o marqués de Figueroa, Sánchez Cantón, Fernández Varela, Ramón María Tenreiro e Juan López Suárez.

41 O acordo de propoñelo para a bolsa tómase na sesión celebrada o 26 de xullo de 1928. Expediente JAE 124-209. Arquivo JAE. Residencia de Estudiantes. Dispoñible en <http://archivojae2.edaddeplata.org/ficha/personas/0685/expedientes/JAE-124-209>

Instrucción Pública, que, mediante Real Orde do 13 de agosto de 1928, lle concedeu ao artista unha bolsa de 425 pesetas mensuais, xunto con 500 pesetas para gastos de desprazamento, destinada a facilitar a estadía de catro meses na Bretaña.

Con todo, as dificultades derivadas do agravamento dos seus problemas de visión obrigárono a aprazar a viaxe. Por este motivo, unha nova Real Orde do 24 de xaneiro ratificou a concesión inicial, fixando finalmente a partida para a primavera de 1929, sen que este atraso supuxese unha modificación substancial nas condicións da axuda.⁴² O matrimonio emprende a viaxe a finais de abril e, tras unha breve escala en París —onde o artista consulta a súa doenza co prestixioso oftalmólogo Victor Morax—, inicia a súa travesía por Bretaña, establecéndose a comezos de maio en Quimper. Desde ese momento e ata finais de agosto de 1929, realiza un amplo percorrido pola Baixa Bretaña, visitando numerosas localidades caracterizadas pola abundancia de cruceiros e grandes conxuntos de calvarios, que analiza e documenta de maneira sistemática, recompilando materiais que máis tarde darían forma ao seu libro *As cruces de pedra na Bretaña* (1930).

Durante a viaxe percorre o departamento de Finistère, visitando, ademais de Quimper, Fouesnant e Bénodet, Pont-l'Abbé, Penmarc'h, Douarnez, Locronan, Audierne e Châteaulin. Máis adiante, establecido en Morlaix e en Saint-Pol-de-Léon, percorre o norte ata chegar a Brest. No oeste visita o denominado País dos Calvarios, deténdose en Landerneau e Landivisiau. Desde as terras do centro de Bretaña, parte de Carhaix en dirección á costa norte, visitando Guingamp, Tréguier, Paimpol e Lannion, co obxectivo de rexistrar os cruceiros do antigo bispado de Landévennec. Finalmente, diríxese ao sur da Bretaña, visitando Saint-Brieuc, Pontivy e Vannes, no departamento de Morbihan, así como Nantes, antiga capital bretoa. Este extenso percorrido reflicte a ambición e o rigor do seu programa de investigación (Valle Pérez 2004; Seixas Seoane 2019, t. I. p. 1105).

Neste territorio érguense centos de calvarios, silenciosos testemuños de fe e arte, que Castelao, con ollo atento e man precisa, debuxa incansablemente. Sobresaen os de Killinen e Tronoën, así como o de Guimiliau, que considera o máis fascinante. Tamén lle merecen admiración os de

42 A consecuencia do tratamento da súa lesión ocular, o 2 de abril Castelao envía un oficio ao Instituto Nacional de Segunda Ensinanza de Pontevedra para que lle notifiquen ao director xeral de Ensinanza Superior e Secundaria a súa imposibilidade de emprender a prevista viaxe nesas datas. O escrito será presentado o 5 de abril polo seu amigo o pintor Carlos Sobrino. Expediente JAE 124-209, Arquivo JAE. Residencia de Estudiantes. Dispoñible en <http://archivojae2.edaddeplata.org/ficha/personas/9685/expedientes/JAE-124-209>



Follas do *Album de Bretaña*, 1929. Museo de Pontevedra.
Nº rex.: 002579-852 (arriba esq.), 002579-863 (arriba der.), 002579-866 (abaixo esq.) e 002579-879 (abaixo der.)

Saint-Thégonnec, Plougastel ou Saint-Véneç, pero para el ningunha obra supera en beleza o calvario de Pleyben, auténtico emblema artístico da rexión. No Pays de Léon documenta tamén os menhires cristianizados e as cruces que salpican a paisaxe, lembrando a fusión entre a antiga tradición megalítica e a espiritualidade cristiá.

Durante a súa estadía, Castelao explora tamén a conexión cultural e a presenza da iconografía xacobeana e, o 13 de xuño, comeza a escribir “Sant-Iago en Bretaña”, un longo artigo que publicará en dúas partes na revista *Nós* (1929-1930) e que incluiría posteriormente no seu libro.

A través da abundante correspondencia que Castelao mantén nese período con amigos como Antón Losada Diéguez, Vicente Risco, Ramón Otero Pedrayo, Carlos Sobrino, Francisco Lloréns, Xosé Filgueira Valverde ou Casto Sampedro (Castelao 2000), coñecemos non só detalles sobre o itinerario e as impresións que lle causa a rexión, senón tamén o seu interese polo despertar nacional de Bretaña e polas institucións culturais e museos, como os de prehistoria no Château de Kernuz e o de Penmarc’h, así como do Museo departamental bretón en Quimper.

Tamén establece contactos con membros da Société Archéologique du Finistère, especialmente con Louis Le Guennec, bibliotecario de Quimper, e ten un encontro con François Jaffrennou, coñecido como Taldir:

Pasei o día co Bardo Taldir, que lee *Nós* sempre. Simpatiquísimo e cultísimo. Non podo estar á xuntanza que van ter en Huelgoat, porque aínda non saín de Finisterre e a Bretaña é un mundo. (Novo 2010, pp. 12 e 32).

Paralelamente ó seu traballo de documentación de cruces e calvarios, durante a súa viaxe a esta terra que o fascinou, Castelao realizou o coñecido *Álbum de Bretaña*, unha excelente serie de cincuenta debuxos nos que recolle paisaxes, escenas cotiás, tipos e manifestacións da cultura popular bretoa. Deste xeito, a viaxe transcende o ámbito estritamente arqueolóxico ou artístico para, cunha ollada humanista, deterse na vida popular, nas mulleres, nos labregos, nas artesanías e nas prácticas laborais, recoñecendo nestas figuras unha proximidade cultural con Galicia, ata o punto de converter os bretóns en “paisanos doutra nosa Fisterra”. Así, a viaxe de 1929 revélase como unha experiencia clave na consolidación do pensamento comparatista de Castelao e na súa concepción atlántica da cultura galega (Novo 2010).

O intenso traballo de campo sobre as cruces e calvarios da rexión culminou coa redacción da memoria titulada *Las cruces de piedra en Bretaña*,




Debuxos orixinais d'As cruces de pedra na Bretaña, 1929-1930
Museo de Pontevedra. N° rex. 017602-B

presentada á JAE ao remate da viaxe. A finais de 1929, Castelao escribiulle a Salvador Cabeza de León, presidente do Seminario de Estudos Galegos, informándoo de que xa completara o estudo das cruces bretoas e dispoñía dun número considerable de debuxos. Na carta solicitaba que se lle indicase a data para presentar o seu traballo e advertía que a abundancia de ilustracións dificultaría a lectura simultánea do texto coa proxección dos debuxos. Finalmente, a lectura realizouse o 8 de marzo de 1930 na Sección de Etnografía e Folclore do Seminario.⁴³

Na mesma misiva, Castelao tamén manifestaba as dificultades económicas que lle impedían publicar o ensaio sen o apoio institucional, suxerindo que a edición debía realizarse canto antes para evitar que outro libro bretón se adiantase e publicase contidos similares:

43 *El Progreso*, 9 de marzo de 1930, p. 3.



Debuxo orixinal d'As cruces de pedra na Bretaña, 1929-1930
Museo de Pontevedra. N^o rex. 017602-B-114

Non sei o que costaría o conto, pero cicais non sexa moito, pois os debuxos son a liña e o fotograbado non pode ascender a moito máis dunhas quinientas ou seiscentas pesetas. Se o traballo lles parece digno de ir á imprenta e houbese cartos, non estaría mal publicalo axiña, pois entre tanto pode aparecer un libro aló na Bretaña e o meu traballo pode ser xa reseso. (Castelao 2000, p. 149)

Pouco despois, o Seminario acometeu a edición do libro *As cruces de pedra na Bretaña* que, impreso nos Talleres de Antúnez en Pontevedra, se publicou o 15 de maio de 1930. O texto, en galego, divídese en cinco capítulos, nos que o autor aborda a descrición detallada das cruces bretoas, desde as máis primitivas e os megálitos cristianizados, ata os calvarios, complementando as descrições con 151 debuxos de conxunto e detalle. Desde 2009, o Museo de Pontevedra conserva, por compra, 120 destes debuxos orixinais.⁴⁴

Coincidindo coa edición, Otero Pedrayo publicou un longo artigo eloxiando a obra de Castelao e salientando que, máis aló do valor dos debuxos e da precisión da linguaxe, o libro constituía unha achega inédita da cultura galega sobre un tema non estritamente galego. Ademais, subliñaba que esta

44 Este conxunto ingresou o 30 de decembro de 2009, constando a súa inscrición no Libro de rexistro xeral de obxectos do Museo co n^o 017602.

obra anticipaba o futuro estudo sobre as cruces e cruceiros de Galicia, no que o autor profundaría na comparación destas coas de outras rexións (Otero 1930).

A publicación do libro tamén tivo certa repercusión na Bretaña, sendo comentada por Jakez Riou, xornalista de *Le Courrier de Finistère*, e por Roparz Hemon, director da revista *Gwalarn* de Brest. Ademais, o libreiro de Quimper, Mauricio Le Dault solicitou exemplares e envioulle ao artista a fotografía dunha antiga cruz do cemiterio de Kerfeunteun, que el mesmo localizara.⁴⁵ Estes recoñecementos evidencian que este pioneiro estudo das cruces fomentou un diálogo cultural coa comunidade bretoa e ampliou o seu impacto en Europa, aínda que hoxe sexa pouco coñecido nese contexto.

4. AS CRUCES DE PEDRA NA GALIZA (1929-1936)

Ademais das numerosas referencias aparecidas na prensa galega ao longo de 1930, nas que se informaba de que Castelao estaba a preparar a publicación do seu estudo sobre as cruces galegas, xa en decembro de 1929 a revista *Viaje por España* dera a coñecer varios debuxos de cruceiros galegos realizados polo autor, sinalando que este se atopaba a desenvolver unha investigación sobre esta temática, proxecto que continuaría durante os anos seguintes.

Co obxectivo de completar o seu estudo e de afondar na análise comparativa das cruces de pedra galegas coas doutros territorios atlánticos, Castelao solicitou o 7 de febreiro de 1930 unha nova pensión á JAE. Na súa solicitude expresaba a súa intención de visitar nesta ocasión os museos de Inglaterra e Irlanda para coñecer as cruces de pedra alí conservadas, presentando como mérito a memoria sobre as cruces bretoas elaborada o ano anterior.⁴⁶ Porén, nesta ocasión a axuda non lle foi concedida.

A partir dese momento iniciouse para Castelao unha etapa de intensa actividade política, na que se foi consolidando progresivamente como unha das figuras centrais do nacionalismo galego. Coa proclamación da Segunda República en abril de 1931, participou, xunto con outros membros do SEG, na redacción do Anteproxecto de Estatuto da Galiza. Ese mesmo ano foi elixido deputado nas Cortes Constituíntes e, desde entón, dedicouse con

45 *El Compostelano*, 9 de agosto de 1930, p. 2; *El Progreso*, 14 de agosto de 1930, p. 1.

46 Solicitude dirixida ao presidente da Junta para Ampliación de Estudios e Investigaciones Científicas. Pontevedra, 7 de febreiro de 1928. Expediente JAE 124-299. Arquivo JAE. Residencia de Estudiantes. Dispoñible en <http://archivojae2.edaddeplata.org/ficha/personas/9685/expedientes/JAE-124-299>




Fig. 5. N° rex. 012440-05




Fig. 29a. N° rex. 012440-17




Fig. 65a. N° rex. 012440-43



Fig. 69a. N° rex. 012440-47

Debuxos orixinais d'As cruces de pedra na Galiza, 1924-1946
 Doazón da familia de Álvaro Gil Varela. Museo de Pontevedra

intensidade á consecución do Estatuto e á consolidación do Partido Galeguista, do que sería secretario político desde 1933 (Seixas 2019, t. I).

Malia todo, durante este período Castelao continuou a traballar sobre as cruces, como amosan algúns debuxos realizados en papeis co timbre do Congreso dos Deputados que reutilizou. Esta temática centrou tamén o seu discurso de ingreso na Real Academia Galega, lido na Coruña o 25 de xullo de 1934 baixo o título *As cruces de pedra na Galiza*, ao que respondeu Antonio Vilar Ponte (Castelao 1964). Neste conciso texto, que compendia as investigacións desenvolvidas ata ese momento, e que lle serviría máis tarde como base para a obra publicada en 1950, pode considerarse que o estudo estaba practicamente concluído. De feito, na edición que ese mesmo ano reuniu nun volume os dous libros de *Cousas*, alúdese xa a *As cruces de pedra na Galiza* como unha obra no prelo; porén a obra non sería publicada daquela (Valle 1999, pp. 8-9).

Pouco despois, coincidindo co levantamento revolucionario de Asturias de outubro de 1934, Castelao —quen nas eleccións do ano anterior non revalidara a súa acta de deputado— foi trasladado como funcionario á sección provincial de Estatística de Badaxoz, medida que, na práctica, supuxo un desterro político. Desde alí viaxou en abril de 1935 ao Porto para participar na Semana Cultural organizada polo Seminario de Estudos Galegos nesta cidade portuguesa, no que foi o principal encontro cultural luso-galego celebrado durante a Segunda República. Nese contexto, o 4 de abril pronunciou na Facultade de Ciencias da Universidade de Porto a conferencia *Os cruceiros na Galiza* e, á mañá seguinte, a petición do doutor Pires Lima, proxectáronse cun epidiáscopo os debuxos orixinais das cruces que ilustraban o traballo.

Posteriormente, Castelao asistiu o 30 de xullo á apertura dun curso de extensión escolar organizado tamén polo SEG en Pontevedra. No marco desta actividade, o 15 de agosto impartiu a lección *Os cruceiros de Galicia*, na que deu a coñecer os resultados das súas investigacións sobre esta temática, ilustrando a disertación, como xa fixera en Porto, coa proxección dos debuxos.

A comezos de marzo de 1936, o Seminario anunciaba que, na súa última sesión, se publicaría o estudo realizado por Castelao e que se estaba a preparar a edición d'*As cruces de pedra na Galiza*, a cargo do propio autor e ilustrada con pregos de fototipias. Poucos días antes celebráranse as eleccións xerais, nas que Castelao, integrado no Fronte Popular, fora novamente elixido deputado. Tras o plebiscito do 28 de xuño, que aprobou o Estatuto de Galicia, viaxou a Madrid para presentar no Congreso, como membro

da comisión do Comité Central de Autonomía de Galicia, o relatorio do Estatuto. Porén, o golpe militar do 18 de xullo e o inicio da guerra civil obrigárono a un exilio definitivo e atrasaría catorce anos a publicación.

5. AS CRUCES DE PEDRA EN BUENOS AIRES. A CULMINACIÓN E PUBLICACIÓN DA OBRA

A chegada de Castelao aos Estados Unidos e, posteriormente, a Buenos Aires non interrompeu o seu labor. Ao contrario, no exilio continuou revisando, corrixindo e reestruturando o material recollido sobre as cruces ata 1936.

Así o revela a documentación doada pola familia de Álvaro Gil Varela, conservada no Museo de Pontevedra, na que aparecen debuxos de cruces sobre cuartillas coa cabeceira do Hotel Colombo de San Francisco. Este feito permite datalos arredor do 13 de xullo de 1939, data na que Castelao chega a esa cidade da costa oeste americana. A documentación inclúe tamén recortes de prensa sobre cruces que o artista gardaba, como o dun artigo de Madeleine S. Miller, “Historic Symbols”, publicado no *The New York Times Magazine* o 24 de marzo de 1940.

A correspondencia de Castelao durante este período reflicte con claridade a súa intención de rematar e publicar a obra. Xa o 2 de novembro de 1939, nunha carta escrita a Rodolfo Prada desde Nova York, cando



Debuxo orixinal da lámina VIII
d'As cruces de pedra na Galiza, 1924-1946
Doazón da familia de Álvaro Gil Varela
Museo de Pontevedra. N^o rex. 012449-58



Debuxo orixinal da lámina XXIV
d'As cruces de pedra na Galiza, 1924-1946
Doazón da familia de Álvaro Gil Varela
Museo de Pontevedra. N° rex. 012440-74

trataba de obter a documentación necesaria para establecerse en Buenos Aires, escribía: “Teño moitas cousas que facer. Estrenaría unha obra en tres actos de Teatro novo, que cicais fora un éxito de sorpresa. Teño o libro de Cruces de Pedra. En fin, o traballo puramente cultural alegraríame a vida” (Castelao 2000, p. 320). Pouco despois, noutra dirixida aos galeguistas de Buenos Aires na que aplaudía a posibilidade da refundación do Seminario de Estudos Galegos na capital arxentina, reafirmaba a importancia do material que conservaba e o seu interese en publicalo:

Eu conservo por milagre o material do meu libro encol das cruces de pedra en Galiza; un traballo de dez anos que dá para un gran volume. [...] Sigo sospirando por Bos Aires. Creo que aí podería facer moitas cousas. O libro do Seminario encol das cruces. (Castelao 2000, pp. 325 e 328)

En maio de 1940 aínda asinaba en Nova York o xa citado manuscrito incompleto sobre os cruceiros galegos que hoxe se conserva no Museo.⁴⁷ Trátase dunha primeira versión do texto da que, como xa sinalara Valle Pérez (1999, pp. 18-19), se ignora se sería a redacción concibida para a frustrada edición de 1936 ou, pola contra, unha síntese elaborada para algunha

47 Museo de Pontevedra. N° rex. 012447.

conferencia ou artigo, dado que presenta numerosas diferenzas respecto do texto definitivo publicado en 1950.

Pouco despois pode deixar atrás Nova York, una estadia que para el foi longa e desacougante, e o 18 de xullo de 1940 chega ilusionado a Buenos Aires, o lugar que consideraba máis idóneo para liderar o seu proxecto da “Galicia ideal”. Alí, nese mesmo ano publicou o artigo “Los cruceros” (Castelao 1940).

A pesar da intensidade da súa actividade política, especialmente coa constitución do Consello de Galicia, que presidirá desde 1944, Castelao continúa traballando na redacción final da súa investigación, e o 31 de decembro de 1945 comunica que está rematando o libro:

Creo que logo rematarei o libro de “Cruces de pedra na Galiza” que se imprimirá de seguida. Temos á nosa veira, co nome de “Comisión de finanzas do consello de Galiza” uns cantos homes ricos, que imos preparando para que mañán sexan os impulsores financeiros do Seminario de Estudos Galegos. (Castelao 2000, p. 556)

Entre os homes adiñeirados que cita o autor atopábase Manuel Puente. Emigrante natural de Salvaterra de Miño e presidente da Irmandade Galega de Bos Aires, cunha sólida actividade como fabricante e importador de alfaias, foi un pilar fundamental da causa galeguista e do Consello de Galiza, favorecendo a Alfonso Daniel Rodríguez Castelao desde a súa chegada á Arxentina. Foi a el a quen, o 20 de xuño de 1946, cando estaba a piques de partir cara a París para incorporarse como ministro sen carteira no goberno republicano presidido por José Giral, Castelao lle entregou o orixinal da obra xa concluída.

O propio autor deixou testemuño das circunstancias vitais que rodearon a finalización do libro: “Poño fin a este libro nun intre azaroso da miña vida, nas vésperas de saír para Franza, a onde me leva un deber indeclinable” (Castelao 2000, p. 177). Nas “Verbas limiares”, coas que prologa a publicación —que aínda demoraría algúns anos—, insistía no carácter provisional do traballo e na necesidade de que fose completado por outros investigadores: “[...] poño remate a esta obra inconcrusa e fanada, que outros poderán compretar, reitificar e mellorar con novas aportacións. Hoxe fica cancelado o meu compromiso” (Castelao 1950, p. 9). Esta declaración revela a conciencia autocrítica do autor e a súa vontade de inscribir a obra nun proceso colectivo e aberto de construción do coñecemento.



Debuxo orixinal da lámina LXIII
d'As cruces de pedra na Galiza, 1924-1946
Doazón da familia de Álvaro Gil Varela
Museo de Pontevedra. N° rex. 012440-113

O Museo conserva o texto definitivo, mecanografado e con correccións manuscritas do autor,⁴⁸ que reproduce case literalmente o seu discurso de ingreso na Real Academia Galega (1934) e a conferencia pronunciada no Porto (1935), evidenciando a continuidade e a estabilidade das súas teses no tempo. Tamén se conservan as 73 follas de figuras, cos numerosos debuxos a liña realizados a pluma, co estudo tipolóxico das partes dos cruceiros, esquemas e comparacións formais, que se intercalaron no texto. Igualmente, atópanse as 73 láminas con coidados debuxos á augada de cruceiros galegos, cunha representación especialmente significativa dos da provincia de Pontevedra (127 debuxos), fronte aos 29 da Coruña (con exemplos de Rianxo, Noia, O Caramiñal, Padrón, Santiago de Compostela, Melide ou Abegondo), sete de Ourense e un de Mondoñedo (Lugo), ademais das doce fotografías que ilustraron a edición impresa.⁴⁹

A obra foi publicada finalmente pola Editorial Nós o 28 de xuño de 1950, coincidindo simbolicamente co aniversario do plebiscito do Estatuto de Autonomía de Galicia de 1936. A edición, moi coidada e de gran formato (38 × 29 cm), incluía unha breve biografía de Castelao redactada por Eduardo Blanco Amor e traducida ao inglés, xunto cun amplo resumo do texto, por

48 Museo de Pontevedra. N° rex. 012448.

49 Museo de Pontevedra. N° rex. 012449.

G. Hennessy, mostrando a intención de proxectar internacionalmente o pensamento do autor.

Castelao non chegou a ver a obra totalmente impresa; nos derradeiros meses da súa vida, Rodolfo Prada, Xosé Núñez Búa e Luis Seoane asumiron a coordinación editorial, conscientes do agravamento da súa doenza. En decembro de 1949, poucos días antes do seu falecemento, o 7 de xaneiro de 1950, imprimiuse o primeiro prego permitindo ao autor asinar exemplares especiais, incluído o número 10, conservado na biblioteca do Museo de Pontevedra.⁵⁰ Así, Castelao participou simbolicamente na culminación dun proxecto que transcendeu o seu tempo.

A pesar de que moitas das súas hipóteses foron superadas, *As cruces de pedra na Galiza* consolidouse como un fito fundamental da historiografía e da cultura galega. O maior legado de Castelao foi poñer en valor os cruceiros, ata entón pouco apreciados, marcando un antes e un despois na súa consideración e convertendo a súa obra en referencia imprescindible na investigación cultural galega.

REFERENCIAS BIBLIOGRÁFICAS

- Castelao (1926). *Cousas*. A Coruña: Lar.
- Castelao (1929-1930). Sant-Iago en Bretaña. *Nós*. 67, 119-121; 79, 124-127.
- Castelao (1930). *As cruces de pedra na Bretaña*. Santiago de Compostela: Seminario de Estudos Galegos.
- Castelao (1940). Los cruceiros. *Galicía*. 330, 41-44.
- Castelao (1944). *Sempre en Galiza*. Buenos Aires: Editorial As Burgas.
- Castelao (1950). *As cruces de pedra na Galiza*. Buenos Aires: Nós.
- Castelao (1964). *As cruces de pedra na Galiza: Discurso de ingreso na Real Academia Galega*. A Coruña: Real Academia Galega. DOI: 10.32766/rag.38
- Castelao (2000). *Obras*. T. VI [Epistolario]. Vigo: Galaxia. Coord. Henrique Monteagudo.
- Filgueira Valverde, Xosé (1987). *Cuarto adral: Castelao na lembranza*. Sada: Edicións do Castro.
- Fortes Alén, María Jesús, coord. (2018). *Cartolatría: Epistolario Sánchez Cantón - Filgueira Valverde*. Pontevedra: Museo de Pontevedra.

⁵⁰ Museo de Pontevedra. N^o rex. 41.855. O exemplar está encadernado en pasta con gofrado en dourado e cunha caixa en tea como sobrecuberta.

- Fraguas Fraguas, Antonio (1989). Castelao e o Seminario de Estudos Galegos. En: Justo Beramendi e Ramón Villares, eds. *Actas Congreso Castelao*. Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela, vol. 1, 43-48.
- Gurriarán, Ricardo (2006). *Ciencia e conciencia na Universidade de Santiago (1900-1940)*. Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela.
- Monteagudo, Henrique e Villares, Ramón, eds. (2024). *Saber de Nós. O Seminario de Estudos Galegos*. Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega. DOI: 10.17075/snseg.2024
- Novo, Olga (2010). Castelao no bosque de cruceiros. A viaxe a Bretaña de 1929. *Moenia*. 16, 5-34. Dispoñible en <http://hdl.handle.net/10347/5627>
- Núñez Seixas, Xosé Manoel (2016). *O soño da Galicia ideal. Estudos sobre exiliados e emigrantes galegos*. Vigo: Galaxia.
- Otero Pedrayo, Ramón (1930). Un libro novo. *El Pueblo Gallego*. 19/VI/1930, 12.
- Ríos Panisse, María do Carme (1989). O rupturismo do manifesto “¡Máis Alá!”. *Dorna*. 15, 87-92.
- Seixas Seoane, Miguel Anxo (2019). *Castelao constructor da nación*. 3 vols. Vigo: Galaxia; Santiago de Compostela: Consorcio de Santiago.
- Tilve Jar, M.^a de los Ángeles (2021). El legado Castelao en el Museo de Pontevedra. En: Inmaculada Real López, ed. *Las colecciones y los museos del exilio*. Madrid: Ministerio de Presidencia, Relaciones con las Cortes y Memoria Democrática, 67-107. Dispoñible en <https://epage.mpr.gob.es>
- Tilve Jar, M.^a de los Ángeles e Castañó García, Xosé Manuel (2017). *Meu Pontevedra. Castelao 1916-1936*. Pontevedra: Museo de Pontevedra.
- Valle Pérez, José Carlos (1986). Entre la arqueología y la etnología, las cruces de piedra. En: José Antonio Durán, ed. *Castelao: 1886-1950*. Madrid: Dirección General de Bellas Artes y Archivos, 180-183.
- Valle Pérez, José Carlos (1989). Castelao e as cruces de pedra. En: Justo Beramendi e Ramón Villares, eds. *Actas Congreso Castelao*. Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela, vol. 1, 599-602.
- Valle Pérez, José Carlos (1999). *Castelao e as cruces de pedra*. Pontevedra: Museo de Pontevedra.
- Valle Pérez, José Carlos (2000a). Castelao e o teatro. Notas ó abeiro das súas propostas para a escenografía de «Os vellos non deben de namorarse». En: *Castelao e o teatro. Escenografías*. Pontevedra: Museo de Pontevedra; A Coruña: Fundación Pedro Barrié de la Maza.

- Valle Pérez, José Carlos (2000b). *Castelao e as cruces de pedra. Fondos do Museo de Pontevedra*. A Coruña: Fundación Pedro Barrié de la Maza.
- Valle Pérez, José Carlos (2004). Castelao en Bretaña. En: *Castelao en Bretaña*. Catálogo da exposición. Pontevedra: Museo de Pontevedra, 11-23.
- Valle Pérez, José Carlos (2022). *A obra de Castelao no Museo de Pontevedra*. Pontevedra: Amigos do Museo de Galicia.
- Vieites, Manuel F. (2000). Castelao e o teatro popular galego. En *Castelao. Exposición 50 aniversario*. A Coruña: Fundación Caixa Galicia, 107-114.
- Villares Paz, Ramón (2024). O Consello de Galiza, Goberno galego no exilio. *Grial. Revista Galega de Cultura*. 244, 63-67.